

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de setembro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
Dª Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
Dª Elena Maure Noia  
Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

Dª Raquel Díaz Vázquez  
Dª María Jesús Lago Rey  
Dª Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

D. Xesús López Carreira  
Dª Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día un de setembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Se rrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1345).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase as actas das sesións ordinarias do 23 e 27 de xuño e 7 e 10 xullo de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcadesa-presidenta.

**2(1346).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO “DEPORTES PARA MAIORES” ANO 2008. EXPTE. 33250/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 13.06.08, conformado polo xefe da Área de Acción Social e pola concelleira da Área de Benestar Social, así como pola delegada de Facenda, co fiscalizado e conforme da xefa do Servizo de Fiscalización, do 4.08.08 e co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Autorizar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servicio de desenvolvemento do programa de deporte para maiores, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2006, a nome de PABLO CASAL NÚÑEZ, DNI.36081498, disposición de crédito por importe de 1.708,00€ na partida 3130.226.08.01 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período marzo/2007-marzo/2008.

**3(1347).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/1979, 22/2348, 2/1766, 22/2252, 23/2198, 4/745, 2/1906.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformacos pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Nieto Seijo
- D. Eugenio Comesaña Covelo
- D<sup>a</sup> Dolores Fernández Estevez
- D<sup>a</sup> Juana Alvarez Buceta
- D<sup>a</sup> Mercedes Moreira Iglesias
- D. Raul Prada Portas
- D<sup>a</sup> Elena González Vidal

**4(1348).- AMPLIACIÓN DE PRAZO NA OBRA “CONSTRUCCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL E DA ACCESIBILIDADE DO AREAL DO CARRIL”. EXPTE. 5171/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 28.07.08, co conforme da concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

Amplia-lo prazo de execución das obras ata o trinta de setembro de dous mil oito, data solicitada pola empresa.

**5(1349).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á FEDERACIÓN DE VECIÑOS EDUARDO CHAO CONSTITUÍDO PARA RESPONDER DA CELEBRACIÓN DA FESTA VECIÑAL 2008. EXPTE. 75291/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 20.08.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 26 de maio de 2008 , pola Federación de Veciños “Eduardo Chao” , co NIF G: 36681708, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da Festa Veciña 2008 os días 14 e 15 de xuño de 2008, por non producirse danos na vía pública.

**6(1350).- PROPOSTA PARA A PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DOS VIXIANTES-CONTROLADORES DE DORNIER S.A. PARA A TRAMITACIÓN DAS DENUNCIAS VOLUNTARIAS DA XER. EXPTE. 75320/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Admón. Xeral, do 26.08.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, que di o seguinte:

*Coa finalidade de proceder á xestión e tramitación das denuncias voluntarias realizadas polos controladores da XER (Servizo Público de Estacionamento Regulamentado mediante expendedores de tiquets na vía pública) en materia de tráfico daqueles vehículos que se atopen estacionados na zona regulada (zonas limitadas en tempo de estacionamento) de forma non regulamentaria, emítense o seguinte INFORME-PROPOSTA perante o Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes para a Xunta de Goberno Local, con fundamento nos seguintes feitos e consideracións xurídicas.*

**I. ANTECEDENTES DE FEITO:**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 26.12.2006, aprobou definitivamente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas do concurso aberto para a xestión indirecta do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), así como dispuso convocar a licitación pública para a selección do contratista. Asemade, en sesión de 23.05.2007, acordou adxudicar a DORNIER, S.A, a concesión da xestión do servizo público XER.

2.- O persoal de DORNIER, S.A con categoría de controlador-vixiante, en desenvolvemento das súas funcións, ven formulando denuncias voluntarias daqueles vehículos estacionados na zona regulada de forma non regulamentaria, xa sexa carecendo de título habilitante ou superando o horario autorizado no mesmo. Segundo previsto no apartado IX do prego de prescripcións técnicas, os controladores van equipados cunha PDA para comunicarse co seu xefe inmediato ou coa central operativa da adxudicataria, permitindo comunicación en tempo real que serve ademais para controlar as denuncias voluntarias mediante un terminal a disposición do Concello. Asemade, os controladores contan cun sistema que permite a impresión das denuncias a colocar no parabrisas do vehículo denunciado, conservando copia da mesma para remitir ao Concello de Vigo.

Estas denuncias conteñen os seguintes datos: matrícula, marca, modelo e cor do vehículo, lugar da presunta infracción, motivo da denuncia, número e sinatura do controlador-denunciante. Cómpre sinalar que estas denuncias non conteñen o nome e apelidos do denunciante (sendo substituído na práctica polo seu número de controlador).

3.- DORNIER, S.A é responsable dun fichero que contén datos de carácter personal (número-clave, nome e apellidos, DNI) concernientes aos seus traballadores con categoría de controladores.

Con data 05.06.2008, o Concello de Vigo e maila concesionaria asinaron un convenio de cesión de datos de carácter persoal, donde a concesionaria cedía á Administración Municipal o devandito fichero coa única finalidade de que ésta coñeza a identidade do controlador-denunciante para poder levar a cabo a xestión e tramitación das denuncias voluntarias.

4.- Ao abeiro do disposto no artigo 20.1 da LOPD 15/1999 en relación co 52 do Real Decreto 1720/2007, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 18.07.2008, procedeu á creación de dous ficheros de titularidade pública, publicados no BOP nº 157, de 14 de agosto de 2008:

- Ficheiro I: Relación do persoal controlador do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER).
- Ficheiro II: Denuncias XER; Datos do fichero: matrícula, marca, modelo e cor do vehículo infractor, lugar de comisión da presunta infracción, motivo da denuncia e número e sinatura do controlador-denunciante.

Asemade, estos ficheros deberán notificarse á Axencia Española de Protección de Datos polo órgano competente da Administración Municipal para a súa inscripción no Rexistro Xeral de Protección de Datos, no prazo de

*trinta días desde a publicación do acordo de creación no diario oficial correspondente, segundo previsto nos artigos 39.2.a) da LOPD 15/1999 e 55 do Real Decreto 1720/2007.*

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO:

### 1.- Obrigación do persoal controlador de formular denuncias voluntarias.

*DORNIER, S.A, concesionaria da XER, debe executalo contrato administrativo con suxección aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas aprobados polo Excmo. Concello de Vigo. Concretamente no apartado VII do prego de prescripcións técnicas, cando se enumeran as obrigas da adxudicataria, establecése a de controlar, vixiar e denunciar as infraccións á Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento en superficie con limitación horaria. Asemade, o apartado IX establece para o persoal da entidade adxudicataria (controladores), a obrigación de formular denuncia voluntaria daqueles vehículos que se atopen estacionados na zona regulada de forma non regulamentaria.*

*O Convenio Colectivo Xeral de ámbito nacional para o sector de regulamentación do estacionamento limitado de vehículos na vía pública, mediante control horario e cumprimiento das ordenanzas de aparcamentos (cdg. de convenio nº. 9912845), suscrito o 09.07.2004, cando define as funcións dos controladores, establece a obriga para este persoal de realizar os correspondentes avisos de denuncia ou denuncia nos supuestos que procedan (art 35.d.3).*

*Considerando que o persoal de “DORNIER, S.A” con categoría de controlador, na maior parte persoal subrogado da anterior concesionaria, desenvolve as súas funcións en virtude dun contrato de traballo que implica unha libre aceptación dunha relación xurídica cuxo cumprimento conleva o desenvolvemento de determinadas funcións, entre a que destaca a de formular denuncia voluntaria daqueles vehículos que se atopen estacionados na zona regulada de forma non regulamentaria, cómpre concluír a obrigación do persoal controlador de formular denuncias voluntarias.*

### 2.- Contido das denuncias voluntarias.

*De acordo coa previsión establecida nos artigos 5 do Real Decreto 320/1994, de 25 de Febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento Sancionador en materia de tráfico e 75.3 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial 339/1990, de 2 de marzo, nas denuncias de carácter voluntario deberán constar os seguintes datos:*

- Identificación do vehículo co que se cometera a presunta infracción.
- Identidade do denunciado, se fora coñecida.
- Unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora.
- Nome, profesión e domicilio do denunciante.

*Dito articulado tan só permite, no caso de que o denunciante sexa un axente da autoridade, substituír o seu nome, profesión e domicilio polo seu número de identificación.*

*Con relación ás denuncias voluntarias que formula os controladores da XER, a interpretación literal dos artigos 5 do Real Decreto 320/1994 e 75.3 do Texto Articulado 339/1990 implicaría que a denuncia voluntaria consignase expresamente o nome, profesión e domicilio do denunciante-controlador.*

*Coa finalidade de protexer a identidade do controlador, evitando que sexa coñecida pola totalidade da cidadanía, terceiros alleos á denuncia, xa que dita denuncia colócase no parabrisas do vehículo denunciado, os controladores substitúen a súa identidade polo seu número de identificación. Chegado este punto, interesa analizar se esta actuación respecta as previsións establecidas nos artigos 5 do Real Decreto 320/1994 e 75.3 do Texto Articulado 339/1990.*

*O espíritu da norma é garantir que o denunciado poida coñecer en todo momento a identidade, profesión e domicilio do seu denunciante. A mera substitución por parte dos controladores de súa identidade polo seu número*

*de identificación, non permite que o denunciado coñeza a mesma polo que estariase a vulnerar os artigos 5 do Real Decreto 320/1994 e 75.3 do Texto Articulado 339/1990. Así as cousas, antes de poñer en marcha a tramitación e sanción das denuncias voluntarias, o Concello debe proceder a publicar no seu tablón de edictos e mais no Boletín Oficial da Provincia a relación do persoal controlador da XER asociada aos seus números de identificación. Deste xeito, no decreto de incoación que se notificase ao denunciado no seu domicilio, constaría o número do controlador-denunciante da XER con indicación do Boletín Oficial donde o denunciado pode coñecer a identidade e domicilio do controlador-denunciante. Deste xeito, cúmprese co espírito da norma, garantindo ao denunciado que poida coñecer a identidade do seu denunciante en todo momento.*

*Esta solución respecta a normativa vixente e protexe a identidade do controlador-denunciante frente a terceiros alleos ao procedemento sancionador.*

*Polo exposto, unha vez obtidas as autorizacións do persoal-controlador, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*Publicar no tablón de edictos do Excmo. Concello de Vigo e mais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a relación que conteña os nomes e apelidos dos vixiantes-controladores de “DORNIER, S.A” asociada aos seus números de persoal, coa finalidade de proceder á tramitación das denuncias voluntarias da XER do xeito exposto no corpo do informe proposta emitido pola Técnica da Administración Xeral da Área Mobilidade, Seguridade e Transportes.*

#### RELACIÓN

<i>Nº controlador</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>DNI</i>
K-02	Susana Rodríguez Castro	36.135.689-K
K-03	Carlos Soto Álvarez	36.062.969-G
K-05	Manuel Rodríguez Álvarez	76.714.067-M
K-06	Manuel Antonio Costa Fernández	36.043.894-L
K-07	Juán Antonio Martínez Jimeno	36.121.307-Z
K-08	Luis Alberto Villar Rodríguez	36.061.939-D
K-09	Antonio Dacoba García	36.088.341-F
K-10	Carlos Sánchez Pereira	36.075.076-J
K-11	José López González	36.064.497-Z
K-12	Luis Cordovés Álvarez	36.079.141-F
K-13	Aurelio Peleteiro Ogando	36.047.899-E
K-14	Manuel Julián García Prado	36.090.606-H
K-15	Luis Alfonso Fernández Faya	36.105.570-D
K-16	José Luis Garrido Grande	44.452.715-V
K-17	Juán José Domínguez Varela	76.986.518-K
K-19	Eladio Rodríguez González	34.925.156-R
K-20	Javier Mira Fernández	38.858.823-R
K-21	Alfonso Herrero Núñez	36.017.756-D
K-22	Antonio Barreiro Alonso	36.090.337-W
K-23	Jaime Cameselle Rouco	36.056.995-X
K-25	Julio Fernández Collazo	36.054.818-H
K-26	Juán Carlos Castro Perdiz	36.036.747-W
K-28	Esméralda Ceriz Fernández	36.127.944-G
K-30	Sandra Landesa Castro	53.174.298-T
K-31	Perfecto Pérez Vázquez	34.919.251-F
K-32	Carlos Martín Landín Guillén	36.015.819-G
K-33	José Cerdeira Lago	36.062.104-J
K-34	Alan Alexis Fava González	39.458.280-D
K-35	Mónica Álvarez González	36.101.546-X
K-36	Mª Carmen Álvarez Yrago	36.126.678-A
K-37	Mª Consuelo Conde Rodríguez	36.092.086-A

K-38 -----	<i>M<sup>a</sup> José Fernández Touriño-----</i>	34.930.905-T
K-39 -----	<i>Ana Isabel Covelo González -----</i>	36.099.319-Z
K-40 -----	<i>Ángela María Castañeda Vélez -----</i>	53.820.788-Y
K-41 -----	<i>M<sup>a</sup> Pilar Campos Martínez -----</i>	36.071.181-M
K-42 -----	<i>Rubén Lago Rodríguez -----</i>	36.090.844-A
K-43 -----	<i>Lucía Martínez Fernández -----</i>	53.176.460-T
K-44 -----	<i>M<sup>a</sup> Dolores Mallo Redondo -----</i>	36.097.416-C
K-45 -----	<i>Diego Rodríguez Santos -----</i>	36.177.640-G
K-46 -----	<i>Sofía Cordovés Álvarez -----</i>	36.156.315-Q
K-47 -----	<i>Carmen Flora Taboada Rodríguez -----</i>	36.112.805-E
K-48 -----	<i>José Manuel Castro Ribeiro -----</i>	36.065.423-C
K-51 -----	<i>Ángela M<sup>a</sup> Pereira Míguez -----</i>	53.182.051-W
K-52 -----	<i>María Da Luz Pinto Da Conceicao -----</i>	39.485.350-P
V-1 -----	<i>José Blanco Vázquez -----</i>	34.925.735-M
V-2 -----	<i>Gabriel Angel Iglesias González -----</i>	36.083.946-M

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1352).- PRÓRROGA POR UN PERÍODO E TRES MESES DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DE 2 OFICIAIS PAVIMENTADORES E 4 OPERARIOS-PEÓNS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 18414/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-propsota do técnico de Organización, do 27.08.08, cnforamdo pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Acorda-la prórroga dos dous contratos laborais-temporais como oficiais-pavimentadores e de catro Operarios-Peóns autorizados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xuño de 2008 (expediente nº 18259/220), e que se concretan nos traballadores que de seguido se sinalan:

- Coa categoría de oficiais-pavimentadores, D. Jesús Antonio Conde Cameselle, DNI. 36,094,969-H e D. José Berges Rodríguez, DNI, 36,005,187-K,
- Coa categoría de Operarios-Peóns, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Barros Abalde, DNI. 36,028,330-A, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Roa Romero, DNI. 36,031,819-L, D. José Luis Conde Cameselle, DNI. 36,113,488-S e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angeles Crispín Mosquera, DNI. 10,798,478-R.

2º.- A duración da devandita prórroga será polo máximo legalmente establecido de tres meses, en xornada de traballo de mañá ou tarde, indistintamente, baixo a modalidade contractual temporal por circunstancias da producción por acumulación de tarefas que na actualidade lles vincula co Concello de Vigo, regulado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, do Estatuto dos traballadores, e RD 2720/98, de 18 de decembro, a fin de continuar prestando os servizos propios da súa categoría profesional, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte da paga extraordinaria do posto Cód. 243 – Oficial- Pavimentador, e Cód. 158 Operario-Peón, da Relación de Postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

3º.- Dese conta da presente á Intervención Xeral Local aos efectos oportunos, notificando aos interesados/as a prórroga sinalada.

**8(1353).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDA-  
DE AO FUNCIONARIO D. RAMÓN VÁZQUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 18265/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 27.06.08 e 20.08.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 20.05.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao capataz de mantemento de cultura, D Ramon Vazquez Martinez, con numero de persoal 16478, un complemento de productividade para o ano 2008, por importe de 293,55 € mensuais, a devengar trimestralmente, previo informe acreditativo do servizo , o que supon un gasto maximo para o ano 2008 de 1761,30 € anuais

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdiccción Contencioso-Administrativa.

**9(1354).- SOLICITUDE DE CALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPRE-  
GO (ILE) Á EMPRESA GRUPO SANROMAN S.L. EXPTE. 5304/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 18.08.08, conforamdo polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “GRUPO SANROMÁN S.L.”, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

**10(1355).- SOLICITUDE DE CALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPRE-  
GO (ILE) Á EMPRESA D'LENDÁ. EXPTE. 5306/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 21.08.08, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “D’ LENDA” (que terá por obxecto a prestación de todo tipo de servizos turísticos na Comunidade Autónoma), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

**11(1356).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA CONFLUENCIA DAS RÚAS: PATEIRA, PORTELA E STA. CRISTINA. EXPTE. 763/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 28.08.08, que di o seguinte:

*O proxecto de MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN LA CONFLUENCIA DE LAS CALLES: PATEIRA, PORTELA Y STA. CRISTINA (AJUSTES A LAS ALINEACIONES OFICIALES), NO CONCELLO DE VIGO, foi redactado pola Xerencia de Urbanismo, e subscrito polos técnicos Juan Aguirre Rodríguez y Juan Hasen García.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para executar o proxecto “MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN LA CONFLUENCIA DE LAS CALLES: PATEIRA, PORTELA Y STA. CRISTINA (AJUSTES A LAS ALINEACIONES OFICIALES).*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidad de 115.633,49 (CENTO QUINCE MIL SEISCENTOS TRINTA Y TRES EUROS CON COARENTA E NOVE CENTIMOS).*

*O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*A documentación do proxecto considérase completa e tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, (B.O.E. N° 261 de 31/10/2007); polo que se informa favorablemente, e proponse a súa aprobación aos efectos de control ordenado polo artigo 109 da referida lei de Contratos do Sector Público.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar técnicamente ou proxecto de MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN LA CONFLUENCIA DE LAS CALLES: PATEIRA, PORTELA Y STA. CRISTINA (AJUSTES A LAS ALINEACIONES OFICIALES), cun orzamento total base de licitación de 115.633,49 (CENTO QUINCE MIL SEISCENTOS TRINTA Y TRES EUROS CON COARENTA E NOVE CENTIMOS).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1357).- ADOSAMENTO DE EDIFICACIÓN S A UNHA PARCELA INTEGRADA NO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO TRALO DESENVOLVEMENTO DO PLAN PARCIAL GANDARIÑA. EXPTE. 4847/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e do director da Oficina de Planeamento e Xestión, do 20.08.08, que di o seguinte:

*A Xunta de goberno local, na súa sesión de 14.01.08, deu aprobación ó proxecto de compensación do Plan Parcial Gandariña (expte. 4777/401). Entre as súas determinacións, en concepto da participación do aproveitamento (artigo 22.d da Lei 9/02, de 30 de decembro) na actuación de urbanización, o Concello é titular con carácter patrimonial (integrado no PMS) da parcela número 3 dunha superficie de 3.517,69 m<sup>2</sup> e unha edificabilidade de uso industrial de 5.246,29 metros cuadrados.*

*En data 20.06.08 (doc número 80078878) don Juan Manuel Pérez Pamies, solicitou o seguinte: “(...) Que habiendo presentado este escrito y después de las comprobaciones y tramitación que tengan a bien determinar se proceda a la formalización de un documento que recoja el acuerdo de adose de edificaciones entre parcelas de la forma indicada anteriormente (...)”.*

O 27.06.08 o Director adxunto de xestión e planeamento informou o seguinte: ”(...) Á vista da solicitude presentada con data 20 de xuño de 2008 e consultado tanto o plan parcial de Gandariña aprobado definitivamente con data 29 de xaneiro de 2007 como o proxecto de compensación aprobado definitivamente con data 14 de xaneiro de 2008, esta oficina técnica informa: No proxecto de compensación do citado plan parcial figura entre outras unha adxudicación ó Concello dunha parcela denominada parcela nº 3 dunha superficie de 3.517,69 m<sup>2</sup> e unha edificabilidade de 5.246,29 m<sup>2</sup>c de uso industrial en concepto de cesión do 10% do aproveitamento do ámbito, en cumprimento do disposto no articulo 22.d) da lei 9/2002. No plan parcial a citada parcela figura incluída na ordenanza G-2 de edificación industrial principal, sendo a tipoloxía das edificacións de edificios entre medianeiras ou de edificacións illadas. Con respecto á separación a lindeiros laterais, a ordenanza prevé o adosamento ós laterais sempre e cando se trate de edificacións apegadas ou pareadas en proxecto único ou cando exista acordo rexistral entre os propietarios das fincas colindantes. En caso contrario a separación será de 3,00 metros. A parcela ou finca rexistral nº 3 linda por tres dos seus laterais con viario, colindando polo vento este coa parcela nº 2 dos solicitantes. A posibilidade de arrimar á parcela colindante, posibilitaría e melloraría a xuízo do técnico que subscribe a implantación da futura edificación industrial na parcela, tendo en conta a forma xeométrica da mesma. Non obstante e dado que a ordenanza G-2 permite así mesmo que as edificacións no caso de frontes de vial ou alíñacions poidan coincidir coa alíñación oficial ou sexan como mínimo de 5,00 metros, deberá terse en conta no caso de adosamento lateral o recuado frontal das edificacións co fin de evitar futuras medianeiras nos laterais. Con respecto ó plan xeral en tramitación, aprobado definitivamente pola Consellería de Política Territorial con data 16 de maio de 2008, o ámbito do plan parcial figura como solo urbanizable, S-18-I/T. O novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo aínda non entrou

*en vigor. Con anterioridade deberá publicarse o acordo da súa aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e a súa normativa e ordenanzas no B.O.P. de Pontevedra. Mentre tanto o Plan Xeral en vigor é o de 1993.*

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*1.- Obxecto da solicitude presentada por don Juan Manuel Pérez Pamies o 20.06.08.- A solicitude plantexa a posibilidade de constituir unha servidumbre recíproca de medianería. A mesma virá regulada polo título constitutivo e polo previsto nos artigos 571 e seguintes do Código Civil.*

*2.- Natureza do ben do que é titular o Concello de Vigo.- En atención a orixe do ben, trátase dun ben patrimonial e considerado como integrante no Patrimonio municipal do solo. A regulación dos actos de conservación, disposición e utilización ven contida no Capítulo II do Título V (artículo 38 e seguintes) do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e no capítulo I, Título V (artigos 174 e seguintes) da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*

